



DATOS IDENTIFICATIVOS

Literatura e identidade cultural do primeiro idioma estranxeiro: Inglés

Materia	Literatura e identidade cultural do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01903			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale OP	Curso 4	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Galego Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Bringas López, Ana María			
Profesorado	Bringas López, Ana María			
Correo-e	abringas@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia aborda o estudo da identidade cultural africana a través da análise de textos teóricos, literarios e fílmicos representativos.			

Competencias

Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz.
B3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.

- B8 Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
- B9 Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
- B10 Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
- B11 Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
- B12 Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
- B13 Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
- C176 Describir e analizar os trazos literarios, temas, estilos e símbolos principais utilizados nas obras literarias dunha determinada época histórica ou dun determinado movemento estético ou cultural, relacionando estas características co contexto en que se inscriba a produción e recepción da obra.
- C177 Relacionar as obras literarias e culturais que sexan obxecto de estudo coas teorías críticas e os movementos literarios e culturais que contribúan á comprensión da obra.
- C178 Formular razoamentos críticos derivados da análise das obras literarias e culturais obxecto de estudo, empregando para iso terminoloxía, fontes e recursos especializados, e proporcionando evidencias críticas e textuais que avalen devanditos argumentos.
- C179 Aplicar técnicas de análise literaria a textos representativos de distintos xéneros como poden ser a poesía, teatro ou narrativa.
- C180 Estender os coñecementos das tácticas de análise literaria á peculiaridade narrativa do discurso fílmico, televisual e radiofónico.
- C181 Recoñecer as novas tendencias nos diversos movementos literarios e culturais.
- C182 Relacionar textos literarios e outras expresións culturais e artísticas, como pode ser o cinema ou a arte, entre si e coa realidade sociopolítica na que se producen.
- C183 Visibilizar e valorar as achegas feitas polas mulleres á literatura e cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais.
- C184 Identificar o papel desempeñado polas expresións artísticas e culturais nas relacións entre grupos dominantes e/ou minoritarios.
- C185 Mostrar coñecementos sobre outras culturas e expresións artísticas e sensibilizar ás persoas da contorna na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade.
- C186 Desenvolver un pensamento independente e crítico, así como actitudes de respecto e tolerancia cara a outras opinións e puntos de vista, e cara á diversidade social e cultural.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Identificación e comprensión das características principais das obras literarias e culturais dentro da tradición estudada.	A1 A3	B2 B3 B5	C176 C177 C180 C181
Realización de ensaios e presentacións coherentes sobre diversos aspectos das obras estudadas, incluíndo aspectos contextuais e comparativos.	A3 A4	B4 B6 B8 B9	C178 C179
Construción de argumentos sólidos sobre autoras/es e obras literarias e culturais, empregando evidencias suficientes para corroborar os razoamentos expostos e recorrendo á terminoloxía, fontes e recursos que resulten axeitados.	A3 A4	B6 B7 B8	C178
Realización de traballos e presentacións coherentes que comparen textos de distintos tipos e tradicións culturais, mostrando argumentos sólidos para corroborar os razoamentos da comparación.	A2 A3	B4 B6 B7 B9 B12	C179
Comprensión da relación entre obras literarias e artísticas e as actitudes culturais do contorno onde se produciron.	A3	B10	C177 C182 C183 C184
Apreciación da diversidade de criterios estéticos nas obras de arte e a multiculturalidade.	A3	B10 B11 B13	C183 C185 C186
Participación en debates sobre os textos analizados, evidenciando que se posúe a capacidade de extraer conclusións de xeito autónomo e de intercambiar opinións con seriedade e consideración.	A4 A5	B7	C186

Contidos	
Tema	
1. Africa and its representation	
2. African history: from African kingdoms to neocolonialism and globalisation	
3. African literature: an overview	
4. Feminism and African women's writing	
5. Diaspora and cultural identity	
N.B. Para cada tema, o alumnado disporá dunha selección de textos teórico-críticos para ampliar e reforzar conceptos. A profesora fornecerá tamén, para a súa análise detallada, unha selección de textos literarios e fílmicos representativos. Os textos teórico-críticos e literarios estarán dispoñíbeis na plataforma de teledocencia Faitic ou, no seu caso, no servizo de reprografía da Facultade. O primeiro día de clase porase a disposición do alumnado un cronograma detallado da materia.	

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	26	26	52
Presentación	2	10	12
Traballos de aula	22	20	42
Cartafol/dossier	0	15	15
Exame de preguntas de desenvolvemento	0	17	17
Probas de resposta curta	0	10	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia e explicar as cuestións organizativas relacionadas coas probas que o alumnado deberá desenvolver durante as aulas.
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos teóricos da materia.
Presentación	Exposición oral en grupo dun tema ou texto previamente acordado coa profesora.
Traballos de aula	Exercicios prácticos, comentarios de texto e debates realizados polo alumnado, individualmente ou en grupo, baixo a dirección e supervisión da profesora. Neles o alumnado deberá aplicar os contidos teóricos expostos nas sesións maxistrais. Nas sesións prácticas de comentario de textos, poderase empregar a lingua galega.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación	Para un óptimo seguimento e aproveitamento da materia, o alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial (no despacho da profesora durante o horario de titorías) e en modalidade virtual (a través das ferramentas que ofrece a plataforma Tema de teledocencia e o correo electrónico). Esta atención personalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Presentación	Presentación oral en lingua inglesa por parte do alumnado de traballos elaborados grupalmente sobre un texto do programa. Na avaliación desta proba terase en conta tanto os contidos da presentación coma a súa correcta expresión lingüística oral e escrita, así como o traballo de preparación desenvolvido nas titorías previas.	20	A2	B3 C176
			A3	B4 C177
			A4	B6 C178
			A5	B7 C179
				B9 C180
				B10 C182
				B11 C183
				B12 C184
				C185
				C186

Cartafol/dossier	Unha recompilación de breves ensaios (máximo 700 palabras cada un) sobre tres dos textos obxecto de presentación oral grupal na aula (excluíndo o texto presentado pola/o propia/o alumna/o). Cada ensaio deberá conter un breve comentario que recolla os aspectos máis importantes do texto. A/O estudante deberá subir cada ensaio a Faitic (sección Exercicios) como moi tarde un día antes da análise do texto na aula. Na avaliación desta proba terase en conta tanto os contidos dos ensaios coma a súa correcta expresión lingüística e presentación formal.	15	A2 A3 A4	B6 B8 B9	C176 C177 C178 C179 C183 C186
Exame de preguntas de desenvolvemento	Unha proba escrita sobre os contidos da materia. Esta proba realizarase na data oficial de exame determinada pola Facultade. Na avaliación desta proba terase en conta tanto o contido coma a súa correcta expresión lingüística e presentación formal.	50	A1 A4	B2 B4 B5 B8 B10 B11	C176 C177 C178 C179 C181 C182 C183 C184 C186
Probas de resposta curta	Proba escrita sobre a novela de lectura obrigatoria Purple Hibiscus, de Chimamanda Ngozi Adichie. Constará de preguntas curtas sobre o texto. Realizarase o mesmo día do exame, que terá lugar na data oficial establecida pola Facultade.	15	A3	B4 B6 B8 B11 B13	C176 C177 C178 C179 C181 C183 C184 C186

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

O proceso de avaliación descrito arriba está deseñado para o alumnado que asista regularmente ás aulas. O alumnado que non poida asistir con regularidade por algunha razón xustificada deberá comunicarllo á profesora ao comezo do cuadrimestre e será avaliado polo sistema de avaliación única explicado máis abaixo.

É obrigatorio realizar todas as probas previstas na avaliación. As probas non realizadas contarán coma un cero. Se un/ha alumna/o, por causas de forza maior debidamente xustificadas, non puidese realizar ou entregar algunha proba, deberá falar coa profesora con antelación á data da proba para establecer unha nova data.

A presentación oral terá lugar durante as aulas consonte a un calendario que se establecerá ao comezo do cuadrimestre (aproximadamente dende a semana 5 até o remate do cuadrimestre). Para a súa preparación é obrigatorio asistir a titorías coa profesora. O traballo desenvolvido durante as titorías previas á presentación considerárase parte desta e, xa que logo, tamén será obxecto de avaliación. Cada persoa integrante do grupo será avaliada pola súa contribución individual, tanto á presentación coma ao debate posterior en grupo. Avaliaranse tanto as competencias referidas ao coñecemento da cuestión analizada como as relacionadas coa construción de argumentos e a súa expresión oral correcta. Deberá utilizarse como apoio software de diapositivas para presentacións, e avaliarase a correcta expresión escrita nestes textos, que se lle deberán entregar á profesora como mínimo un día antes da presentación a través da plataforma de teledocencia Faitic.

Os ensaios breves do cartafol deberanse entregar a través de Faitic (sección de Exercicios) como moi tarde un día antes da análise do texto na aula.

A proba escrita sobre a lectura obrigatoria realizarase o mesmo día do exame, que terá lugar na data oficial establecida pola Facultade.

Todas as probas se cualificarán tendo en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa correcta expresión lingüística (oral e/ou escrita) e presentación formal. A existencia de erros lingüísticos graves e/ou unha deficiente presentación formal (ausencia de marxes, mala caligrafía, texto riscado etc) causará unha penalización do 10% na cualificación final da proba en cuestión.

O alumnado avaliado por este sistema non se poderá presentar ao exame correspondente á avaliación única, e a súa cualificación na primeira edición de actas corresponderá ao cómputo das notas obtidas nas probas realizadas durante o curso. Só se realizará o cómputo global da materia se se acada como mínimo un 4 na presentación, no cartafol e na proba sobre a lectura obrigatoria, e un 5 no exame. A cualificación global mínima para aprobar a materia é un 5.

Excepcionalmente, haberá unha modalidade de avaliación única na primeira edición de actas, **só para aquelas/es estudantes que por motivos xustificadas non poidan participar na avaliación continua**. Neste caso, a/o alumna/o deberá comunicarllo á profesora argumentadamente ao comezo do cuadrimestre (nas dúas primeiras semanas de clase). A avaliación constará dun exame único, baseado nos contidos da materia, que combinará preguntas teóricas e exercicios prácticos de análise e interpretación de textos e cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar na data oficial do calendario de exames aprobado pola Xunta de Facultade.

A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás aulas sempre que sexa posíbel, o cal se recomenda encarecidamente. O alumnado que siga esta modalidade de avaliación será responsábel de manter un contacto continuado coa materia a través de Faitic.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Faitic e estar ao tanto das datas de realización e entrega das probas de avaliación.

2. AVALIACIÓN DE XULLO

Independentemente do sistema de avaliación seguido na primeira edición de actas, en xullo a avaliación levarase a cabo mediante un exame único, baseado nos contidos da materia, que combinará preguntas teóricas e exercicios prácticos de análise de textos e cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar na data oficial de xullo aprobada pola Xunta de Facultade.

Recoméndase firmemente que o alumnado asista ás aulas e titorías con regularidade e se implique activamente no seu proceso de aprendizaxe.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ashcroft, Bill et al., **The Empire Writes Back: Theory and Practice in Post-Colonial Literatures**, 2nd ed., Routledge, 2002

Ashcroft, Bill et al., **Key Concepts in Post-colonial Studies**, 3rd ed., Routledge, 2013

Loomba, Ania, **Colonialism/Postcolonialism**, 3rd ed., Routledge, 2015

McLeod, John, **Beginning Postcolonialism**, 2nd ed., Manchester University Press, 2010

McLeod, John, ed., **The Routledge Companion to Postcolonial Studies**, 1st ed., Routledge, 2007

Bibliografía Complementaria

Amadiume, Ifi, **Reinventing Africa: Matriarchy, Religion and Culture**, 1st ed., Zed Books, 1997

Ashcroft, Bill et al., **The Post-colonial Studies Reader**, 2nd ed., Routledge, 2006

Benson, Eugene and L.W. Conelly, eds., **Encyclopedia of Postcolonial Literatures in English**, 2nd ed., Routledge, 2005

Gikandi, Simon, ed., **Encyclopedia of African Literature**, 1st ed., Routledge, 2003

Gikandi, Simon and Evan Mwangi, **The Columbia Guide to East African Literature in English since 1945**, 1st ed., Columbia University Press, 2007

Killam, Douglas and Alicia L. Kerfoot, **Student Encyclopedia of African Literature**, 1st ed., Greenwood Press, 2008

Killam, Douglas and Ruth Rowe, eds., **The Companion to African Literatures**, 1st ed., James Currey, 2000

Krishnan, Madhu, **Contemporary African Literature in English: Global Locations, Postcolonial Identifications**, 1st ed., Palgrave, 2014

Ledent, Bénédicte & Pilar Cuder, eds., **New Perspectives on the Black Atlantic: Definitions, Readings, Practices, Dialogues**, 1st ed., Peter Lang, 2012

Meredith, Martin, **The State of Africa: A History of the Continent since Independence**, 1st ed., Free Press, 2013

Ngugi wa Thiong'o, **Decolonising the Mind: The Politics of Language in African Literature**, 1st ed., James Currey, 1986

Ogunyemi, Chikwenye Okonjo, **Africa Wo/man Palava: The Nigerian Novel by Women**, 1st ed., Chicago University Press, 1996

Ogunyemi, Chikwenye Okonjo, **Juju Fission: Women's Alternative Fictions from the Sahara, the Kalahari and the Oases In-Between**, 1st ed., Peter Lang, 2007

Parekh, Pushpa Naidu and Siga Fatima Jagne, **Postcolonial African Writers: A Bio-bibliographical Critical Sourcebook**, 1st ed., Fitzroy Dearborn Publishers, 1998

Stratton, Florence, **Contemporary African Literature and the Politics of Gender**, 1st ed., Routledge, 1994

Veit-Wild, Flora and Dirk Naguschewski, **Body, Sexuality, and Gender: Versions and Subversions in African Literatures 1**, 1st ed., Rodopi, 2005

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Análise e interpretación literaria de textos do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01401

Ámbitos literarios III do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01602

Outros comentarios

- A asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento clave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a presenza e participación activa na aula.

- Para superar a materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como nas horas de traballo persoal fóra da aula. Xa que logo, recoméndase firmemente o estudo diario da materia, así como a lectura atenta de todos os materiais literarios e teórico-críticos proporcionados ao longo do desenvolvemento das aulas.

- Recoméndase igualmente facer uso dos recursos da Biblioteca, tanto electrónicos coma en papel.

- O alumnado deberá ter acceso a Faitic e consultar o espazo web da materia con regularidade, xa que este será o medio principal de comunicación e de entrega de materiais de lectura por parte da profesora. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Faitic e estar ao tanto das datas nas que teñen lugar as probas de avaliación.

- A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a corrección lingüística e a presentación formal.

- A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade.

- Non se permite o uso de ningún dispositivo electrónico durante as aulas. Tablet, portátiles e teléfonos móbiles están rigorosamente prohibidos.

- O alumnado deberá observar unhas normas básicas de decoro durante as aulas: chegar con puntualidade e non abandonar a aula até o remate da clase; manter unha postura axeitada e non comer durante o desenvolvemento da clase.

INFORMATION OF INTEREST FOR EXCHANGE STUDENTS:

- Students from areas not related with English Studies will not be admitted to the course.

 - The English level required to enter this course is C1.

 - The Galician language may be used in the practical classes.

 - The use of electronic devices (tablets, laptops and mobile phones) is strictly forbidden during the classes.

 - Students are expected to observe some basic classroom decorum, which includes arriving on time, not leaving the classroom until the end of the class, keeping an appropriate posture, and not eating during the class.
-